

Extracto da convocatoria

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO (ANUALIDADE 2026).

Extracto das bases da convocatoria aprobadas en Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de marzo de 2026 pola que se convocan subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para o ano 2026.

Primeiro. Obxecto

Estas axudas teñen por obxecto a realización de actividades que complementen ou suplan os servizos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio.

Segundo. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira non dubidosa respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, e se axusten aos criterios que figuren expresamente na convocatoria. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

Terceiro. Entidades beneficiarias

Poderán acceder á condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos que figuran na base 5 das bases reguladoras.

Cuarto. Bases reguladoras

As bases reguladoras completas poden consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello

https://sede.boqueixon.com/sxc/gl/informacion/tablon/2026/ANUNCIO_PROG_20260428113008629.html

Quinto. Contía das axudas e dispoñibilidade presupostaria

O importe da consignación presupuestaria ascende a 15.000,00 €, con cargo á partida 924.480.00, correspondente ao orzamento municipal do ano 2026.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 1.000 € podendo acadar a porcentaxe de financiamento ata o 100% do custo total.

Sexto. Tipoloxía do gasto

Son gastos subvencionables os relacionados na base 6 das bases reguladoras. Período subvencionable: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Sétimo. Prazo e procedemento de solicitude

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

A presentación será a través da Sede electrónica do Concello de Boqueixón adxuntando os formularios que figuran como anexos ás bases da convocatoria xunto coa demais documentación da base 8.

Oitavo. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos criterios de valoración establecidos na base 11 das bases reguladoras da convocatoria.

Noveno. Prazo de xustificación

Periodo de realización do proxecto	Prazo de xustificación
Entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2026	Límite o 15.11.2026
Entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2026	Límite o 20.01.2027